

### **Os socialistas do Courel pídenlle coherencia á alcaldesa e que solicite á Xunta que inicie a mellora da estrada que comunica Folgoso con Seoane do Courel**

A alcaldable socialista do municipio reaccionou con estas declaracións ante as críticas da popular Lola Castro sobre as actuacións da Deputación nas estradas do municipio, que si está a dar unha resposta eficaz e cumprir coas promesas feitas

**Carmen Álvarez:** “antes de facer ningunha crítica a alcaldesa debería pensar que as melloras para os veciños e veciñas da Montaña veñen sempre do ente provincial, non da man da Xunta. O PP ten completamente abandonada a cidadanía de Folgoso”

Hai case cinco anos, foi a propia delegada territorial da administración autonómica a que saía nos medios congratulándose da adxudicación provisional do proxecto de execución, pero aínda non se levou a cabo ningún tipo de actuación

**FOLGOÑO DO COUREL, 27 DE ABRIL DE 2015.**- A candidata á alcaldía de Folgoso do Courel –Carmen Álvarez Álvarez-, ante as críticas da alcaldesa, a popular Lola Castro, sobre as actuacións da Deputación nas estradas do municipio, pídelles coherencia, e que solicite á Xunta de Galicia que solucione o “lamentable” estado no que atopa a estrada LU-651, que comunica este lugar con Seoane; os dous núcleos de poboación máis importantes do municipio.

O mal estado desta estrada fixo que o Grupo Parlamentario socialista xa rexistrara fai un mes no Parlamento varias iniciativas para solicitar á Xunta de Galicia que inicie “con carácter urxente” os trámites de acondicionamento do destacado viario de comunicación.

A alcaldable do PSOE indica que non entende ás críticas da alcaldesa cando é o PP o que está a incumplir continuamente as súas promesas, xa que é que en xuño de 2010, é dicir, hai case cinco anos, foi a propia delegada territorial da administración autonómica a que saía nos medios congratulándose da adxudicación provisional do proxecto de execución. Raquel Arias afirmara naquel momento que a empresa adxudicataria contaría cun prazo de execución de catro meses para mellorar o firme e realizar as modificacións puntuais, co fin de garantir a seguridade viaria aos usuarios e transeúntes deste enlace. Ademais, a actuación, que contaba cun orzamento superior aos 70.000 euros e que estaba enmarcada dentro do *Plan Move*, non só tiña en conta os criterios establecidos para as estradas de baixa intensidade media diaria de circulación, senón que respectaba a integración territorial e a sostibilidade da infraestrutura, tal e como se esixe para aquelas actuacións incluídas nos espazos de Rede Natura.

#### **5 anos de incumprimentos**

A pesar destes anuncios fai cinco anos aínda non se levou a cabo ningún tipo de actuación, ao contrario do que ten feito a Deputación de Lugo; que si está a dar unha resposta eficaz e a cumprir coas promesas feitas para satisfacer as demandas do lucenses, xa que fai cousa dun mes anunciouse a mellora e o posterior inicio dos traballos da estrada provincial que comunica esta localidade con Pedrafita do Cebreiro, e que entronca coa reclamada polos veciños.

Para Carmen Álvarez é de recibo esixir o mesmo grao de compromiso as dúas administracións. Por iso, “non entendemos as críticas da alcaldesa, xa que fronte os incumprimentos do Goberno galego temos o compromiso firme e real da Deputación”. “Antes de facer ningunha crítica a alcaldesa debería pensar que as melloras para os veciños e veciñas da Montaña veñen sempre do ente provincial non da man da Xunta. O PP ten completamente abandonada a cidadanía de Folgoso”, indicou.